

# **EUROZONE CHÉVERE**

**Estreada o 22 de febreiro de 2013 no auditorio da Ramallosa (Teo)**

# GUIÓN EUROZONE

## 1. ENTRADA

*Cando o público está sentado imos a escuro, dase luz nas cadeiras e entran actores e actrices.*

## 2. ESCENA DOBRAXE

*Os actores e actrices sentados nun lateral, poñen as voces a unha secuencia de Reservoir Dogs que se proxecta no fondo.*

### SR. MARRÓN

Sabedes unha cousa? Creo que foi unha gran idea o de Europa nos billetes. Esa estampación é unha metáfora moi elegante.

### SR. RUBIO

Discrepo. Probablemente decidirse por un símbolo máis cercano tería sido máis plausible.

### SR. MARRÓN

Non é momento agora de laiarse. Había que dicilo antes.

### JOE

Doce? De onde sae este 12?

### SR. MARRÓN

A Princesa Europa é o símbolo máis claro e o mellor traído. Outro igual non hai, lamento ser tan franco.

### SR. LARANXA

¿E a Gioconda?

### EDDIE O AMABLE

¿A Gioconda? Foi descartada enseguida. Desculpa, ¿non fuches a aquelas comisións?

**SR. LARANXA**

Non dixen que non fora, era por ver que opinades. Fun dos que non votou por Europa.

**SR. BRANCO**

Personalmente tanto me dá.

**SR. AZUL**

A min gústame a idea de fondo dunha Princesa Europa raptada e seducida por Zeus.

**SR. MARRÓN**

Se me desculpades creo que nos estamos desviando do tema. Ía dicir algo e foiseme...

**JOE**

Ah! Doce! Iso era unha quita! Pero doce que?

**SR. BRANCO**

¿Que é iso?

**JOE**

Unha libreta que tiña por aí con notas sobre a débeda dos países. ¿Doce que?

**SR. MARRÓN**

Perdón, creo que estaba a dicir algo...

**SR. ROSA**

Que a Princesa Europa é un bo símbolo. Que a Gioconda foi descartada ao principio e que a estampación dos billetes é moi elegante.

**SR. MARRÓN**

Vouvos dicir algo sobre o mito. Zeus estaba namorado de Europa, así que decidiu seducila e para iso transformouse nun touro branco e alá foi: pin, pin, pin, pin, pin...

**SR. AZUL**

¿Que é pin, pin, pin?

**SR. BRANCO**

Caralladas.

**SR. MARRÓN**

Entón, un día que Europa recollía flores na praia viu a Zeus de touro e... chas! Así, forte e branco como era, quedou prendada. Despois marcharon xuntos e el fíxolle sentir algo que ela non sentira na vida: dor. !Dor!

**JOE**

Doce mil? Doce por cento?

**SR. MARRÓN**

Dóelle, dóelle e non debería se a cópula transcurrise con normalidade, pero Zeus estaa violando e dóelle. Dóelle, igual que agora, que somos nós os que provocamos esa dor, porque gobernar é a arte de repartir equitativamente a dor.

**JOE**

Millóns!

**SR. BRANCO**

Esquece as notas

**JOE**

Perdoa pero aí hai datos de suma importancia, devólvema.

**SR. BRANCO**

Temo que non sexa o momento nin o lugar...

**JOE**

Que queres dicir? Iso decídoos eu!

**SR. BRANCO**

Descúlpame pero levas un bo cacho repetindo datos: doce... doce?... doce?... doce que?... doce mil?... non, millóns... son millóns... doce mil millóns... Teño a violación de Europa por un lado e a quita de... non sei de quen... xusto polo outro.

**JOE**

Por favor, as notas.

**SR. BRANCO**

Se me prometes gardalas

**JOE**

Non vexo por que teño que facelo.

**SR. BRANCO**

Ben, entón quedo con elas mentres.

**SR. RUBIO**

Para que? Valas manipular?

**SR. BLANCO**

Pois mira igual si, a xente sempre pide máis.

**EDDIE O AMABLE**

Vistes que cantidade de incautos saiu á rúa estes días?

**SR. ROSA**

Unha cousa increíble non?

**EDDIE O AMABLE**

Non se cansan de pedir

**SR. ROSA**

Sabes o que me fastidia? Que nós estamos aquí tentando crear unha sociedade mellor e eles culpan as nosas decisións da xeración dos seus propios conflitos.

**EDDIE O AMABLE**

Iso é porque non se decatan do que é realmente Europa. Pensan que Europa somos nós cos nosos Consellos, Comisións, Fondos, Parlamentos e Bancos Centrais e non se decatan de que Europa en realidade son eles.

**SR. MARRÓN**

Daquela que dirías que se supón que somos nós?

**EDDIE O AMABLE**

Estamos todos no mesmo barco

**SR. RUBIO**

Pero se eles son Europa, nós somos os touros

**EDDIE O AMABLE**

Entón seguindo o mito ¿ides violar Europa?

**SR. LARANXA**

Que non vaia provocando con tanto benestar.

*Risas.*

**JOE**

Moi ben. Vexamos canto é. Esta vez pago eu. A propina póndea vós. Perdón, isto son dietas, quero apuntar.

**SR. BRANCO**

Primeiro quero verte pagar.

**JOE**

Xa acabades de escoitar: os seus gastos págoos eu.

*O S. Rubio dispara ao sr. Blanco coa man.*

**EDDIE O AMABLE**

Moi ben, todo o mundo a poñer propina.

*Todos poñen menos o Sr. Rosa.*

**EDDIE O AMABLE**

Perdón, é un euro namais.

**SR. ROSA**

Ah, ah. Eu non teño

**EDDIE O AMABLE**

¿Ti non tés?

**SR. ROSA**

Só teño libras

**EDDIE O AMABLE**

Pois entón pón unha libra

**SR. AZUL**

É algo simbólico ¿que máis tén?

**SR. ROSA**

¿Vas comparar? Poñendo unha libra poño máis ca ti.

**EDDIE O AMABLE**

Pensei que os ingleses non eran xudeus. A ver se entendín ben: ¿Non vas pór a libra?

**SR. ROSA**

O problema non está en poñer ou non os cartos. O problema está no valor que teñen e que a vós polo que vexo non parece importarvos, pero a libra tén un valor real que non tén o euro. E, por outra parte, é moi superior.

**SR. AZUL**

Non é moito máis.

**SR. ROSA**

Pero é máis. Para min é suficiente.

**SR. AZUL**

¿Sabes o que? Vivir nunha illa é o mellor pra ti.

*Todos rin*

**EDDIE O AMABLE**

Dacordo ao cento por cento con el.

**SR. ROSA**

A ver, pedín un café, trouxéronmo e nada máis, así que non vou poñer nada máis. Cando pido un café, pago o que vale e xa está.

**SR. RUBIO**

Xa está? E que pasa se te convidan?

**SR. ROSA**

Pois se me convidan o que pasa é que non podo nin queixarme.

**EDDIE O AMABLE**

Desculpa, Reino Unido pero alguén pagou xa por ti e non paras de queixarte.



*Todos rin.*

**SR. ROSA**

Convidarnos a todos foi só cousa del. E por min está ben. Pero non estou disposto a contribuir a que os traballadores se afagan a recibir máis do que merecen só por cumprir coas súas obrigas.

**SR. AZUL**

Ser amable cres que é a súa obriga?

*O Sr. Rosa fai o signo do diñeiro cos dedos da man.*

**SR. ROSA**

Sabes que é isto? O motor que fai que a clase obreira cumpra.

**SR. BRANCO**

Non podoo crer o que estou oíndo. Eles son os que máis fan. Eles son o motor.

**SR. ROSA**

E o empresario que lles paga tamén pero a el non lle dás propina, por que? El é o que arrisca pero a norma di: non lle deas nada a estes o correcto é darlle a estoutros. Absurdo.

**SR. BRANCO**

Non quero entrar a discutir agora sobre quen é necesario e quen prescindible. Pero unha pirámide apoiase na base para que poida sosterse o de arriba. E na base hai clase obreira.

**SR. ROSA**

Un funil é mellor .

*Todos rin.*

**SR. MARRON**

Miña nai...

**SR. ROSA**

Sinto moito que a camareira estea tan mal afeitada, pero se precisa máis eu non lle teño a culpa. Ademais a clase obreira non é a única que ten problemas cos seus ingresos. Eu vivo nunha illa e gasto moito máis para me desprazar. Sen embargo cobro as mesmas dietas e os mesmos complementos ca vós que vivides no continente. Cada un sabe das súas e non hai propinas cando hai apuros.

**SR. LARANXA**

Convencíchesme. Dáme aquí o meu euro.

**EDDIE O AMABLE**

Eh! Deixade estar os cartos!

*Todos discuten. Joe volta.*

**JOE**

Ben, señores, é hora de marchar. Un momento ¿quen non puxo?

**SR. LARANXA**

Reino Unido

**JOE**

Reino Unido? ¿Por que?

**SR. LARANXA**

Non ten

**JOE**

¿Non ten? ¿Como é que non tés?

**SR. LARANXA**

Só ten libras

**JOE**

Cala! Así que só tes libras? Como non! Pois pon agora mesmo unha, escocés! Acabo de pagarche o almorzo.

**SR. ROSA**

Vale, está ben. Como me convidaches poño, pero só por esta vez.

**JOE**

Libras, millas, conducir polo outro lado... cando entenderedes que o mundo funciona doutro xeito. Grazas!

### 3. ESCENA BAILE-PELEXA

*Cando remata a escena de dobraxe empeza a soar a música do vals, primeiro baixiño sobre as imaxes da peli e logo vai subindo. Patricia levántase, vai ata a escaleira e unha vez arriba baixa. Van saíndo a bailar con ela, o primeiro é Manolo. O baile acaba derivando nunha pelexa de todos contra todos na que tratan de bailar con Patricia. Nun momento dado, todos van contra ela. Ao final consegue escapar. O resto acaban polo chan tirados, irán collendo folgos, buscarán as chaquetas, os zapatos e irán gañando unha posición frontal cara ao público, meterán a camisa por dentro, colocarán ben a garabata..., e irán colocándose na cara pequenas feridas e moratóns produto da pelexa que acaban de ter. Todo isto acontece mentres Patricia desde un micro lateral di o texto que vai a seguir, ao tempo que vai poñendo a roupa.*

#### PATRICIA

Europa. Así nos chamamos. E así somos: o resultado dunha violación, dun cruce *antinatura* entre un deus saído, travestido en touro e unha *pija* con ganas de marcha. Europa naceu da dor, por iso o exporta a todo o mundo. É un xenio depredador arrogante, cruel, intelixente, que se alimenta dos golpes, da sospeita, da desconfianza. E si, a gran casa común creada para superar o horror da guerra, o odio entre as nacións, non é máis que unha supresión de fronteiras para o enriquecemento e o negocio sen límites dunha tropa de gánsters sen escrúpulos, mentirosos compulsivos educados nas mellores universidades para someter aos máis febles disparando democracia. Prestidixitadores impecables, especialistas en enmascarar a cara da dor, o xesto da agresión, o cheiro do sangue. Todo iso é Europa.

Pero Europa tamén podería ser un xogo no que os participantes se chaman entre si Francia, Alemaña, Italia, España ou Reino Unido para ocultar os nomes propios que se agochan detrás da máis grande estafa xamais contada. Como vulgares matóns interpretando unha escena de *Reservoir Dogs* na que en vez de coñecerse por cores, se coñecen por países. Esa primeira peli dirixida por Tarantino inaugura unha estética da violencia que influíu na nosa maneira de perceber o mal como algo inevitable, cercano, *cool* e mesmo divertido. É a historia duns atracadores que van cometer un roubo no que algo sae mal e os que poden foxen para se reunir nun almacén abandonado onde se botan as culpas do desastre uns aos outros. E ese almacén é a Eurozona, un anaco de

Europa coa mesma moeda e onde a democracia como sistema de toma de decisións se fai innecesaria. Os atracadores son a elite dirixente e a Unión Europea é o botín a repartir. A política monetaria é un plan que funcionou á perfección ata que acrise fixo saltar as alarmas e nós, simplemente, queremos xogar a cambiar a historia. ¿Por que non?

#### 4. ESCENA FRONTAL

*Están xa todos en liña fronte ao público na parte dianteira do escenario. Patricia incorpórase ao rematar o seu texto. Dise todo moi picado e sen pausas.*

##### **MANOLO**

Moi ben. Recapitulemos. Entendamos a construción europea como se fose o guión dunha peli de Tarantino. Situación: *Reservoir dogs*, un grupo de ladróns planea un atraco, todos desconfían de todos e o plan vaíse ao carallo.

##### **MIGUEL**

Se alguén non viu a peli, non pasa nada. O importante é saber que nela os personaxes coñécense entre si por cores.

##### **ARANTZA**

Está o Señor Branco, Señor Azul, Señor Marrón, Señor Laranxa, Señor Rosa e Señor Rubio.

##### **MONICA**

E nós ímonos recoñecer por países. Francia, España, Reino Unido, etc

##### **PATRICIA**

E diredes vós: Reino Unido non pertence á Eurozona.

##### **TODOS**

*(A modo de ad lib)* Moi ben... Si señor...

**PATRICIA**

Vexo que estades moi atentos.

**MONICA**

A nosa historia é un pouco máis aberta. Trata sobre a Eurozona, pero hai tantas circunstancias que condicionan o seu funcionamento que non podemos deixalas á marxe.

**BORJA**

Por exemplo na peli tamén están Joe, que é o xefe, e que aquí podería ser o FMI; e o seu fillo Eddie o Amable, que ben pode ser o BCE. Ao fin e ao cabo son os que mandan...

**MONICA**

Non adiantemos acontecementos.

**MANOLO**

Non fai falta. Antes xa vimos a todo o grupo reunido, naquela primeira secuencia do bar que proxectamos. Imos coa seguinte logo.

**MONICA**

Na seguinte secuencia da peli, a situación é que temos a dous personaxes que van nun coche fuxindo. Un deles vai conducindo e o outro vai no asento de atrás desangrándose. Entendemos que algo saiu mal.

**IVAN**

Sobre todo para o que vai atrás.

**MONICA**

Os personaxes son o Señor Branco e o Señor Laranxa.

**PATRICIA**

É dicir: Francia e España.

**PEPE**

¿Por que?

**MIGUEL**

Iso ¿Por que Francia e España e non calquera dos outros?

**MONICA**

A ver. Temos ao Señor Branco.

**PATRICIA**

Harvey Keitel.

**MONICA**

Na peli interpreta un tipo duro. Un profesional que sabe moi ben cal é o seu traballo. Inspira un certo temor.

**MIGUEL**

Si pero tamén inspira confianza. Sabes que nunca te traizoaría. Por iso é un deses malos que cae ben.

**PATRICIA**

E tamén está así como peiteándose todo o tempo...

**IVAN**

Cando era máis noviño fixo de chulo de putas en *Taxi Driver*.

**ARANTZA**

O amante da muda en *O piano*.

**MONICA**

En fin, que pode ser comprensivo e escoitarte e despois pegarche un par de tiros entre os ollos sen pestanexar.

**PEPE**

Ou sexa, Francia.

**MONICA**

Iso é.

**MIGUEL**

¿Pero que ten que ver con Francia? Sigo sen entender.

**PATRICIA**

¿Está claro non? Un dos países fundadores da Unión, que no concerto internacional é considerado poderoso, de forte economía, solvente e con principios sólidos e ben definidos. O dito: un tipo duro .

**IVAN**

E Francia no escenario europeo desempeña un papel de ponte interzonas. De interlocutor. De aliado posible para países en situación desesperada. Aliado que deixará de selo en canto se vexa perxudicado, claro.

**PEPE**

Ou sexa, o Sr. Branco.

**PATRICIA**

Correcto

**MONICA**

E despois temos ao Señor Laranxa.

**PATRICIA**

Tim Roth



**MONICA**

Unha persoa que vai no asento de atrás do coche e que está desangrándose porque algo saiu mal.

**PEPE**

España.

**ARANTZA**

Este era o máis fácil de atribuir. Alguén que se pasa case toda a película agoniando desangrado parece a metáfora perfecta de España ¿non?

**BORJA**

Así que temos o Señor Branco e o Señor Laranxa nun coche.

**IVAN**

A Harvey Keitel e Tim Roth

**PEPE**

A Francia e España.

**MIGUEL**

Vale, xa temos todo. Entón ¿quen vai ser quen?

**MONICA**

Eu son Francia

**PATRICIA**

¿E quen é España?

*Todo o mundo disimula.*

**PATRICIA**

Está ben, está ben... Eu son España.

**ARANTZA**

¡Un momento! Haberá que poñerlles cara ¿ou que?

**MONICA**

Tés razón. O ideal sería a do presidente, pero a min François Hollande non me encaixa moito con Harvey Keitel.

**BORJA**

Pois busca outro. ¿Que máis ten? Con tal de que sexa francés...

**IVAN**

Tés Napoleón, Lafayette, Pétain, De Gaulle, Sarkozy, Giscard D'Estaing, Mitterrand...

**MONICA**

Sarkozy. Francia nesta escena é Sarkozy.

**PEPE**

¿Sarkozy-Harvey Keitel? Non se parece moito.

**MONICA**

Ten un aire con Harvey Keitel, home!

**MIGUEL**

Si ho! Sarkozy tamén é un tipo así aberto e de corpo firme, se cadra con complexo de baixiño...

**ARANTZA**

Din que leva alzas nos zapatos desde que anda con Carla Bruni

**BORJA**

Ten a síndrome do espello. Se te fixas parece que sempre se está mirando a si mesmo nun espello. Podería peitearse tamén...

**IVAN**

E tamén podería perfectamente facer de chulo de putas en *Taxi Driver*...

**MONICA**

¿Ves? Igualiño que Harvey Keitel. E non creo que Sarkozy dubidase moito en pegarche un tiro chegado o caso, igual que o Señor Branco.

**PEPE**

Convencéstesme.

**PATRICIA**

Pois eu o único que teño claro é que non quero ser Rajoy...

**BORJA**

Está Suárez, González, Aznar, Zapatero...

**PATRICIA**

Non sei...

**IVAN**

Pois entón Montoro... De Guindos... Soraya... Cospedal...

**PATRICIA**

¡De Guindos! España vai ser De Guindos.

**PEPE**

Non se parece nada a Tim Roth

**PATRICIA**

A verdade é que non moito.

**ARANTZA**

Un ten pelazo, o outro é calvo coma unha guinda

**MIGUEL**

un é delgado, o outro é tipo pipotiño

**IVÁN**

Un resulta convincente no seu papel e o outro non convence a nin Cristo

**PATRICIA**

Xa, pero eu véxoo... na peli Buscemi fai de infiltrado, traidor, cabrón e eu se teño que pensar na vida real nun infiltrado, traidor, cabrón penso en De Guindos...

**PEPE**

Se ti o dis...

**MANOLO**

Si, si. Xa está. Avanzamos...

**ARANTZA**

Escena: Sr. Branco-Harvey Keitel-Francia-Sarkozy conduce un coche que foxe. No asento de atrás, desangrándose vai Sr.Laranxa-Tim Roth-España-De Guindos.

**MIGUEL**

O coche ten a tapicería branca para que se vexa ben toda a desfeita do sangue salpicado por...

**MANOLO**

Vale, vale, a montar a escena, veña.

*Montan a escena.*

**SR. LARANXA/ESPAÑA**

Aahggg... Vou morrer!

**SR. BRANCO/FRANCIA**

¿Que dis?

**SR. LARANXA/ESPAÑA**

¡Que vou morrer!

**SR. BRANCO/FRANCIA**

¡Aguanta!

**SR. LARANXA/ESPAÑA**

¡Síntoo!

**SR. BRANCO/FRANCIA**

¡Aguanta hostia!

**SR. LARANXA/ESPAÑA**

Ahggg... Morro!

**SR. BRANCO/FRANCIA**

¡Dáme a man!

*Silencio.*

**SR. BRANCO/FRANCIA**

¡Que me deas a man!

**SR. LARANXA/ESPAÑA**

¡Non podo crer que me mataran! ¡Quen cona ía pensar en algo así!

**MANOLO**

*(A PATRICIA)* Perdoa un momento. *(A público)* Aquí cando di "non podo crer que me mataran", como é España deberíamos entender "que me interviran" ou "rescataran". Cambiamos as palabras, a escena funciona igual e enriquecemos o significado. *(A PATRICIA)* Xa está. Veña. Repetide.

**SR. LARANXA/ESPAÑA**

¡Non podo crer que me mataran! ¿Quen cona ía pensar en algo así?

**SR. BRANCO/FRANCIA**

Eh! Corta ese rollo agora mesmo! Estás ferido... Estás moi mal ferido, pero non vas morrer!

*MANOLO* *volve interromper a escena.*

**MANOLO**

*(A PATRICIA)* Perdoa outra vez. *(A público)* Aquí cando di "estás ferido, moi mal ferido" podemos entender "estás en crise, nunha boa crise"... "pero aínda non fuches rescatado"... Por exemplo. *(A PATRICIA)*

**BORJA**

*(A MANOLO)* ¿E por que non o fan xa directamente como debería ser en vez de estar cortando cada pouco para explicar o significado?

**MANOLO**

Paréceme ben. *(A público)* Agora van facer os diálogos da peli pero...

**IVAN**

*(Cortando)* Creo que xa se enteraron.

*O SR. LARANXA/ESPAÑA continúa a escena inmediatamente.*

**SR. LARANXA/ESPAÑA**

Aaaaghhh... Non podo crer que me interviran! ¡Quen ía pensar que podía pasar algo así!

**SR. BRANCO/FRANCIA**

Eh! Discrepo profundamente! Estás en crise, estás sumido nunha boa crise, pero aínda non fuches rescatado!

**SR. LARANXA/ESPAÑA**

Esta sangría tenme aterrizado, Francia. Estou intervido Seino!

**SR. BRANCO/FRANCIA**

Vaia! Non sabía que estudaras economía. ¿Es economista? ¿Eh? ¿Es economista? ¡Contéstame! ¿Es economista?

**TODOS**

Eehh... Si... Claro... De Guindos é economista...

**MIGUEL**

Si, joder, non ves que era o delegado de Leman Brothers para Europa cando quebrou...

**SR. BRANCO/FRANCIA**

Pois precisamente, non ten nin puta idea de economía. (A SR. SR. LARANXA/ESPAÑA) Así que non téis nin puta idea de economía. ¿Dacordo?

*SR. LARANXA/ESPAÑA non responde.*

**SR. BRANCO/FRANCIA**

¿Dacordo?

**SR. LARANXA/ESPAÑA**

Aaggg.... Sssi...

**SR. BRANCO/FRANCIA**

Moi ben! Repite comigo: ¡Son economista e non teño nin idea de economía!

**SR. LARANXA/ESPAÑA**

¡Son economista e non teño nin idea de economía!

**TODOS**

É economista e non ten nin puta idea de economía.

**SR. BRANCO/FRANCIA**

Exacto! Non sabes do que estás falando. Así que se acabaches de opinar do que non sabes escóitame. O FMI vaiche buscar unha solución e vaste recuperar. Veña dío. ¡Voume recuperar!

*SR. LARANXA/ESPAÑA non di nada. SR. BRANCO/FRANCIA empeza a berrar.*

**SR. BRANCO/FRANCIA**

Dío! Voume recuperar! Veña dío dunha maldita vez! Voume recuperar!

**SR. LARANXA/ESPAÑA**

Mi madriña!

**TODOS**

Veña ho, dío!.. Dío dunha vez tío... Acaba...

**SR. LARANXA/ESPAÑA**

Vale, vale. Voume recuperar!

**SR. BRANCO/FRANCIA**

Perfecto. Perfecto.



## 5. ESCENA FRANCIA-ESPAÑA (MANOLO-ARANTZA)

*Rompen a liña frontal. Todos marchan e tres persoas van buscar o necesario para atrezzar e cambiar de roupa a ARANTZA para deixala toda ensanguentada (Pepe, Borja, Patricia). Fan isto mentres MANOLO e ARANTZA falan.*

**MANOLO**

Ata aquí a parte da secuencia na que van en coche.

**ARANTZA**

Agora hai un corte, un cambio de plano e...

**MANOLO**

Chegan ao almacén, ao punto de encontro, o lugar onde transcorre o resto da historia.

**ARANTZA**

Un casino sen inaugurar, no noso caso.

**MANOLO**

Un edificio baleiro, levantado en momentos de bonanza constructiva pero que foi collido de cheo pola crise antes de poder abrir.

**ARANTZA**

Poderíamos estar nun aeroporto ou nun deses contedores culturais que tanto abundan polo estado adiante...

**MANOLO**

Si porque a escaleira mecánica pode situarnos en calquera deses sitios.

**ARANTZA**

Pero supoñamos que isto é un casino, un templo dedicado ao diñeiro e ao xogo, como a Eurozona.

**MANOLO**

Ademais, un casino sen inaugurar, tamén nos pode dar pistas sobre o estado de demencia que se está empezando a apoderar do pensamento político. (A ARANTZA)  
¿Estás?

**ARANTZA**

Si.

**MANOLO**

Moi ben. Pois agora ela é España e eu son Francia. Son os primeiros en chegar e teñen que esperar aos demais.

*MANOLO colle a ARANTZA en brazos e móntase a escena do almacén.*

**MANOLO/FRANCIA**

Xa estamos! Xa chegamos!

**ARANTZA/ESPAÑA**

Francia, ¿vasme axudar?

**MANOLO/FRANCIA**

Mira: estamos no casino; imos xogar un pouco ¿eh? Es un home forte... Un tipo duro... ¿como dicides en España? Ah si! Eres de puta madre, tío!

**ARANTZA/ESPAÑA**

Aaaagghhh... Maaastrich... Quero que volvan as pesetas!

**MANOLO/FRANCIA**

Eu non podo facer nada por ti, pero cando chegue o FMI, xa se ocupa el. Vaite axudar como axudou aos outros, ¿dacordo? Sentaremos aquí a esperar. ¿A quen esperamos?

**ARANTZA/ESPAÑA**

*(Moi lentamente. Silabeando) Ao Fon-do Mo-ne-ta-rio In-ter-na-cio-nal.*

*MANOLO deixa a ARANTZA no chan.*

**MANOLO/FRANCIA**

¡Si! Ao FMI!

**ARANTZA/ESPAÑA**

¡Nicolás! Isto nunca o diría no meu país, pero estou cagado de medo.

*ARANTZA abraza a MANOLO*

**ARANTZA/ESPAÑA**

Abrázame ¿quieres? Por favor.

**MANOLO**

*(Separándose) Xa está! Ata aquí.*

**ARANTZA**

Pero ¿que che pasa?

**MANOLO**

Pasa que non me parece necesario tocarse tanto.

**BORJA**

*(Levantándose) Son políticos. Os políticos tócanse mogollón. Ven aquí Pepe! (Borja colle a Pepe) ¿Ves? Abrázanse...*

**ARANTZA**

E dependendo do país bícanse entre eles.

*(BORJA dálle un para de bicos a PEPE)*

**PEPE**

Se é Berlusconi mesmo pode ir máis alá

*PEPE tócalle o cu a BORJA.*

**ARANTZA**

Son dous homes pero non pasa nada

**MANOLO**

Non, dous homes non. Son De Guindos e Sarkozy. E non podo, de verdade.

**BORJA**

A ver... é Arantza

**MANOLO**

Pero cando a miro vexo a De Guindos.

**ARANTZA**

Home gracias.

**MANOLO**

Desculpa pero non podo evitalo.

**PEPE**

Mira, é así de fácil. Eu son Sarkozy.

*(PEPE abraza a BORJA)*

**BORJA**

E eu De Guindos.

**PEPE**

Entón cóllela así por detrás achégaste e dislle: Luis... *(a ARANTZA)* ¿como di o texto?

*(A Partir de aquí, ARANTZA iralle soprando o texto a PEPE e BORJA. Aquí transcribese só o que din eles)*

**PEPE**

*(Sensual)* Voute peitear para que esteas máis guapo.

**PEPE**

Podés ter todo o medo que queiras ¿eh? Para valentes xa están outros. Só quero que te relaxes ¿dacordo? Vaste recuperar.

**BORJA**

Estou moi mal, Nicolás.

**PEPE**

Ben non estás, non.

**BORJA**

Nicolás, agradézoche o que tentas facer. Hai moito que perdín o control, pero agora volvo estar estabilizado. O caso é que a miña é unha ferida aberta e se non me axuda alguén, afundireime definitivamente

**PEPE**

Vouche afrouxar o cinto para liberar un pouco a presión da ferida.

*PEPE leva a man ao pantalón de BORJA.*

**PEPE**

*(Sensual)* Eu non podo facerme cargo de ti... ¡Cacho ferida la virgen!

**BORJA**

A ferida é máis arriba Pepe.

**MANOLO**

Vale, vale ¡xa está! Creo que se pilla perfectamente. *(A público)* En realidade do que están falando é de que Francia ten as mans atadas, que por si mesma tampouco pode facer nada por España ata que chegue o FMI ou o BCE, que son os únicos que poden executar as medidas necesarias para que España se recupere un pouco. *(A PEPE e BORJA)* Xa sigo eu.

*MANOLO recompón a escena*

**MANOLO**

A ver. Temos aquí a España desangrándose e eu son Francia. Recordemos: Francia é Harvey Keitel *(posiciónase)*. Tamén é Sarkozy. *(Recolócase dobrando un pouco os xeonllos)* Eu se vos digo a verdade Sarkozy paréceseme máis a *(colocando as mans)* Louis de Founes. Moi ben temos a Francia-Harvey Keitel-Sarkozy-Louis de Founes.

**MANOLO/FRANCIA**

Eu non podo facerme cargo de ti.

**ARANTZA/ESPAÑA**

Non me veñas con esas! ¿E que pasa cos Eurobonos? Non lles vou dicir que falamos, estarás a salvo.

**MANOLO/FRANCIA**

Vaste recuperar, oíches? ¡vaste recuperar! O furado na burbulla inmobiliaria foi o que te fixo caer máis fondo e estar así...

**ARANTZA/ESPAÑA**

Aaggghh... dóenme todas as urbanizacións...

**MANOLO/FRANCIA**

Pero tranquilo, é un proceso que leva o seu tempo. Toda esa recesión tarda anos en ter consecuencias graves. Vas ir perdendo presenza no concerto internacional, pero pouco a pouco. A deflación é un veneno lento.

**PEPE**

*(A MANOLO)* A ver, a ver... En realidade Francia sabe que o temor de España é fundado e que o que precisa é un escate total. ¿Podo? *(Sen esperar resposta, achegándose. Ao seu)* España ten un colapso bancario e financeiro, un disparo no sector da construción. Algo que doe moito e provoca unha hemorraxia de desemprego case imparable, que puido empezar en calquera sitio pero que se foi extendendo desde o Sur-Leste, na CAM, pasando polo centro, por Bankia ata chegar ao noroeste con Caixa Galicia e Caixa Nova...

*PEPE acaba o parlamento tocándolle as tetas a ARANTZA.*

**ARANTZA**

¡Pepe! Xa está ¿eh?

**MANOLO/FRANCIA**

¡Tranquilo! ¡O FMI está a piques de chegar!

**ARANTZA/ESPAÑA**

¡Que veña o FMI!

## **6. ESCENA REINO UNIDO**

*Nese momento Borja empurra a Iván para que saia a escena como SR.  
ROSA/REINO UNIDO*

**IVAN**

*(Despistado e nervioso)* ¿Que pasou? ¿Que pasa? *(A MANOLO, por ARANTZA)* ¿Esta quen é?

**MANOLO**

España!

**IVAN**

España, España... ¿E ti?

**MANOLO**

*(Movendo os brazos)* Eu son Francia joder!

**IVAN**

*(Aos que están sentados)* Entón eu quen son? ¿O FMI?

**MIGUEL**

A ver, ti es o Sr. Rosa, que na peli está interpretado por Steve Buscemi. Aquí representaría a Reino Unido, que pode estar perfectamente identificada por David Cameron.

**ARANTZA/ESPAÑA**

FMI!

**MONICA**

Reino Unido non pertence á Eurozona, pero o que opine é importante para o grupo. De feito está sempre opinando.

**PATRICIA**

Podería ser a voz da conciencia ou simplemente un toca pelotas.

**ARANTZA/ESPAÑA**

FMI!

**MIGUEL**

Fisicamente non se parecen moito porque un máis virulillas e outro é un mazacote standar pero teñen unha cousa en común: a mirada incisiva, miran aos ollos.

**BORJA**

De feito Buscemi tén os ollos saltóns



**MONICA**

E as pernas tamén as ten así saltonas, ao andar vai lanzando patadiñas.

**IVAN**

*(Que foi encaixando toda a descrición que facían os outros) ¿Así?*

**BORJA**

E un pouco inclinado cara á adiante tamén.

**IVAN**

Pero así é moi Buscemi ¿non? Máis ben é só Buscemi, diría eu.

**MONICA**

Xa, pero non sabemos como se movería Cameron nunha situación semellante.

*Despois disto retoma o diálogo desde o principio e continúa.*

**IVAN/REINO UNIDO**

*(Despistado) ¿Que pasou? ¿Alguén me pode dicir que pasou? ¿Que fai España aí tirada?*

**MANOLO/FRANCIA**

¿Ti que cres? Déronlle de cheo

**IVAN/REINO UNIDO**

¡Xa tardaba! ¿Onde lle deron?

**MANOLO/FRANCIA**

En pleno déficit.

**IVAN/REINO UNIDO**

¡Merda! ¿E onde están Portugal e Irlanda?

**MANOLO/FRANCIA**

Totalmente intervidos e en plena recesión.

**IVAN/REINO UNIDO**

¿E Grecia?

**MANOLO/FRANCIA**

Xa vai polo segundo rescate. Está practicamente morta.

**IVAN/REINO UNIDO**

¡Sabíao! ¡Sabíao! Mira que volo dixen: non andedes enredando coa merda esa da moeda única. Esquecede o euro, cada un coa súa moeda, e o que teña problemas que a devalúe. ¡Pero non! No continente nunca facedes caso de nada. ¿Sabes que che digo? Que tedes o que merecedes. Puxéstesme a caldo cando non quixen entrar e mira agora..

**MANOLO/FRANCIA**

¿Acabaches? Porque se é así, aquí temos cousas máis urxentes que oírte a ti dicindo que xa o sabías. España desangrándose, Portugal e Irlanda intervidos e Grecia ¿quen carallo sabe? ¿Queres axudar ou vas seguir rosmando?

**IVAN/REINO UNIDO**

¿Pero que está pasando? ¿Como é posible que chegamos a esta situación?

**MANOLO/FRANCIA**

¿Como cres? Recortes no gasto público, suspensión de dereitos, redución de ingresos, intereses da débeda que se comen o PIB, soberanía compartida coa Troika...

**IVAN/REINO UNIDO**

¡Ostia! Isto estase poñendo moi feo. E vai acabar por vérsenos o plumero, xa verás: as contas en paraísos fiscais, os chanchullos coas multinacionais para non reducir emisións, o expolio de África... ¡Ata van acabar por saír á luz os acordos para recibir o Nobel da paz! Pero ¿quen carallo nos está puteando?

**MANOLO/FRANCIA**

¿Que insinúas? ¿Que hai algo máis que a estúpida burbulla inmobiliaria detrás de todo isto?

**IVAN/REINO UNIDO**

*(Histórico)* ¡Non isinúo nada! ¡Seino! Por que cres que quebraron tantos bancos? Porque sabían perfectamente que os rescatariamos con diñeiro público. Os banqueiros que xogaban á ruleta na City de Londres eran os mesmos que sentaban no consello de ministros pero con outra cara.

*SR. BRANCO/FRANCIA non di nada.*

**IVAN/REINO UNIDO**

¿Non dis nada? Non me digas que ti nunca o pensaras

*SR. BRANCO/FRANCIA segue gardando silencio.*

**IVAN/REINO UNIDO**

Pois máis che vale que empeces a pensar por ti mesmo, tío. Eu non fago outra cousa. Nin sequera tiña que estar aquí, pero xa ves, aínda me sigo considerando europeo, non me preguntes por que. ¿Acaso ti eras menos Europa cando había francos? ¡Pensa por ti mesmo joder! Cada vez somos máis euroborregos.

**MANOLO/FRANCIA**

Tranquilízate. Estás un pouco nervioso. É mellor que vaiamos ao cuarto de baño.

## **7. ESCENA BAÑO**

*Cambiamos de ubicación e entramos na seguinte secuencia. Cando están no baño. Saen do lateral Borja e Miguel, que entran en escena. Detrás entran Particia, Mónica e Pepe que van estar manipulando diversos obxectos para situar a escena nun baño: un lavabo, un toalleiro, un espello, etc. Van estar movéndose sempre arredor de Borja e Miguel, pasándolles os obxectos que precisan para a escena.*

**BORJA/REINO UNIDO**

¡Fuck, fuck fuck! ¡Non sei que pinto eu aquí!

**MIGUEL/FRANCIA**

Tranquilo, tío. ¿Estás tranquilo?

**BORJAREINO UNIDO**

Estou.

**MIGUEL/FRANCIA**

Estás suando. Refresca un pouco a cara.

**BORJA/REINO UNIDO**

Sinto ter que repetilo pero a min o do euro xa me pareceu unha mala idea desde o principio. Cando vin que non me faciades caso debín poñer o pé fora da Unión, dicir "ata logo, foi bonito mentres durou" e marchar, pero non aprendo. O de Maastrich foi unha xenialidade, certo, pero extender eses dereitos a toda esta caterva de países que foron entrando na Unión é unha loucura. E eu dixen no meu partido ¿queredes seguir formando parte deste lupanar? ¡Eu desde logo non! ¡Marcho! E non o fixen ¿sabes por que? ¡Pola puta estratexia electoral!

**MIGUEL/FRANCIA**

Agora xa non ten remedio. Descansa un pouco. ¿Queres un cigarro?

*FRANCIA ofrécelle un Gitanes.*

**BORJA/REINO UNIDO**

Non grazas, só fumo Royal Crown.

**MIGUEL/FRANCIA**

Como queiras.

**BORJA/REINO UNIDO**

Dáme un.

*Dálle un cigarro e lume.*

**MIGUEL/FRANCIA**

Moi ben. Analicemos detidamente a situación.

**BORJA/REINO UNIDO**

Dacordo.

**MIGUEL/FRANCIA**

A ver, proibimos que os bancos centrais financien os gobernos, obrigamos a transferir a política económica a Bruselas para evitar inxerencias, impomos a estabilidade orzamentaria, o teito de déficit e todo iso fóra do control dos parlamentos... E entón chega a crise.

**BORJA/REINO UNIDO**

Iso é.

**MIGUEL/FRANCIA**

Estamos todos gañando cartos tan tranquilos e ¡zas! aparece de súpeto a crise e empeza a caer un país detrás do outro. Nós poñémonos nerviosos, Alemaña pónse histérica e empeza a dar ordes: que hai que rescatar a Grecia, despois a Irlanda, Portugal...

**BORJA/REINO UNIDO**

Non foi así.

**MIGUEL/FRANCIA**

¿Como que non?

**BORJA/REINO UNIDO**

Escoita, a crise non apareceu así de repente. E o rescate non é para salvar a eses países, é para salvar a banca alemana.

**MIGUEL/FRANCIA**

Pero se o rescate só se fixo efectivo cando eses países o pediron.

**BORJA/REINO UNIDO**

Que non, que non foi así. Eses países non pediron o rescate ata que Alemania lles deixou pedilo ¿entendes? Eu non digo que non foran eles os que o pediron, si que foron eles, pero cando Alemania quixo, cando xa estaba todo atado e ben atado. Merkel sabía que a banca alemana estaba ao borde da quebra polos préstamos feitos a bancos gregos e españoles

**MIGUEL/FRANCIA**

Niso podes ter razón...

**BORJA/REINO UNIDO**

¿E por que cres que impulsou a unión monetaria? Para poder paliar os efectos da reunificación. Facendo de europa unha unidade económica reparte entre todos o peso da súa propia recuperación: a Unión Europea paga as facturas da Unión Alemana. É perfecto.

**MIGUEL/FRANCIA**

Filla de puta...

**BORJA/REINO UNIDO**

Benvido ao euroescepticismo

*Nese momento párase a acción e Patricia, Mónica e Pepe que están sentados empezan a falar polos micros, superpoñendo as súas voces.*

**PATRICIA**

Un de nós utilizou a UE para pagar a súa propia unidade

**MONICA**

Un de nós utilizou o rescate para rescatar a súa propia banca

**PEPE**

Un de nós mentiu coas contas no seu propio beneficio.

**PATRICIA**

Un de nós utilizou a débeda de terceiros para o seu propio enriquecemento.

**MONICA**

*(Montando a voz sobre a anterior)* Un de nós está utilizando a crise para desmantelar o Estado do benestar.

**PEPE**

*(Montando sobre as anteriores)* Un de nós inxectou diñeiro público na banca privada.

**MIGUEL/FRANCIA**

Moi ben. Aceptemos todo iso que ti dis como certo. Pero ¿por que cona confiaría o FMI en Alemania para desregularizar os mercados en Europa? De verdade, non sei se vou aguantar moito máis. Eu non podo traballar con políticos así!

**BORJA/REINO UNIDO**

Nin eu. Pero todos temos que aguantar presións e defender os intereses dos que nos manteñen no cargo. Pero o que non fas é impoñer uhas condicións imposibles de cumprir.

**MIGUEL/FRANCIA**

O que hai que facer é comportarse como demócratas. Merkel non é demócrata. E con ditadores non se pode traballar. Nunca sabes por onde che van sair.

*Míranse. Parecen estar dacordo por primeira vez. E cambian de tema. Miguel vai mexar, logo vai Borja.*

**BORJA/REINO UNIDO**

¿E sabes algo dos demais?

**MIGUEL/FRANCIA**

España xa ves, ao borde do colapso. Con máis dun 25% de desemprego, coa prima de risco por riba dos 400 puntos desde hai ano e medio e o interese da débeda disparado. Italia outro tanto do mesmo...

**BORJA/REINO UNIDO**

Pois os demais non están mellor. E dos países do leste mellor nin falar. Vaia tropa.

**MIGUEL/FRANCIA**

¿Que queres dicir?

**BORJA/REINO UNIDO**

Pois que hai que facer limpeza. ¡Expulsar a Grecia primeiro e despois eliminar a moeda única dunha puta vez! ¡Que cada un volva á súa puta moeda, ostia!

**MIGUEL/FRANCIA**

Pero ¿de verdade cres que eses países aínda teñen oportunidade de saír adiante coa súa moeda?

**BORJA/REINO UNIDO**

¿Sinceramente?

**MIGUEL/FRANCIA**

Si.

**BORJA/REINO UNIDO**

Nin de coña.



*SR. BRANCO non contesta.*

**BORJA/REINO UNIDO**

Mira: a única moeda que pode resistir fóra do euro é a libra.

**MIGUEL/FRANCIA**

¿Sabes unha cousa? Aquí entre nós... Teño que recoñecer que o de non entrar foi un acerto pola vosa parte.

**BORJA/REINO UNIDO**

Vaia... Un atisbo de cordura... Pois tio, sé consecuente e únete ti tamén á libra. Agora mesmo está por riba do euro e do dólar. Sería todo un golpe de efecto, nós temos todo o mercado da Commonwealth, vós aínda tedes mercados en Asia e Canadá... Quedar dentro do euro é unha loucura.

**MIGUEL/FRANCIA**

Pero ese era o plan, manter a moeda única! Converterse en administradores ocultos de todas as economías europeas.

**BORJA/REINO UNIDO**

Pero en que mundo vives? A moeda única está controlada por Alemaña desde que aceptastes que o prezo da vosa débeda fose establecido en función das probabilidades de impago

**BORJA/REINO UNIDO**

Exacto. E como se calcula a prima de risco en toda a Unión?

**MIGUEL/FRANCIA**

Vale, todos aceptamos que se calculase con respecto a Alemaña

**BORJA/REINO UNIDO**

¿E por que?

**MIGUEL/FRANCIA**

Porque Alemaña é o país coa probabilidade de impago máis baixa.

**BORJA/REINO UNIDO**

Aí é onde está a merda! As probabilidades reais de impago non as coñece ninguén, están baseadas en suposicións e cálculos inventados por determinados axentes financeiros. Queres que che diga quen son eses axentes financeiros?

**MIGUEL/FRANCIA**

Non, non fai falta. Eu tamén tiven que meter no goberno a máis de un.

**BORJA/REINO UNIDO**

Non me fodas!

**MIGUEL/FRANCIA**

Non son ministros, só altos cargos, pero controlan toda a información económica.

**BORJA/REINO UNIDO**

A túa e a de todos ¿Ou non sabes onde traballaba SúperMario antes de presidir o BCE? No mesmo banco que amañou as contas de Grecia, en Bruxelas sábeo todo dios! ¿E onde traballaba Lagarde antes de entrar en política e chegar á presidencia do FMI? Eh? Nun puto banco!

**MIGUEL/FRANCIA**

Por iso non me preocuparía. Christine Lagarde é francesa, coñézoa desde hai tempo, foi ministra, ela nunca traizoaría ao seu país por moi presidenta do FMI que sexa.

**BORJA/REINO UNIDO**

Esperta, tío, o FMI é moito máis ca súa presidencia. Xa viches o que durou Staruss-Kan, que tamén era francés por certo. Así que non me veñas con patriotismos, Lagarde non lles dura nin dez minutos aos depredadores da Reserva Federal.

*SR. ROSA métese un tiro da perica que colocou enriba do teléfono móbil. Pásalle o turuto a SR. BLANCO. Cando este vai esnifar vibra o móbil.*

**MIGUEL/FRANCIA**

Estache vibrando

**SR. ROSA/REINO UNIDO**

*(Mirando o tfno.) ¡Obama! Este puto negro non para de chamarme!*

*Para a vibración e SR. BRANCO métese o outro tiro.*

**BORJA/REINO UNIDO**

*Mellor volvamos con España.*

## **8. ESCENA FRANCIA-REINO UNIDO PARTE DOUS**

*A escena volve a onde está ESPAÑA tirada nas escaleiras. Seguen Manolo e Iván manipulando a Arantza, que pasa dos brazos dun aos brazos doutro.*

**IVAN/REINO UNIDO**

¡Merda! ¿Palmou?

**MANOLO/FRANCIA**

Non.

**IVAN/REINO UNIDO**

¿Entón que lle pasa?

**MANOLO/FRANCIA**

Está entrando en recesión.

**IVAN/REINO UNIDO**

Pois é o que lle queda, nós non podemos facer nada.

**MANOLO/FRANCIA**

Polo que a min respecta vou facer todo o posible por rescatalo. Se España entra en recesión pode afectarme a min moi negativamente. Os Pirineos xa non son o que eran.

**IVAN/REINO UNIDO**

Pois sae do euro.

**MANOLO/FRANCIA**

¿Pero ti que pensas? ¿Que te vas librar? España recibe millóns de turistas ingleses. ¿Que vas facer con eles? ¿Vasles dar de beber unha semana a prezo de hora feliz? ¿Ou valos mandar de vacacións a Belfast?

**IVAN/REINO UNIDO**

¿Que che anda na cabeza?

**MANOLO/FRANCIA**

Hai que esperar por Christine. Ela pode convencer a Draghi para que salve a España, con condicións distintas ás de Grecia ou Portugal.

**IVAN/REINO UNIDO**

Aínda fiándonos de Lagarde non sei se estará de moi bo humor para rescatar a ninguén despois de planear o atraco a un mercado de 300 millóns de persoas e ter como resultado unha carnicería social. Eu se fora ela quedaba na casa.

**MANOLO/FRANCIA**

Mecagondiós! Ti é que non te fias nin da túa raíña. Sodes a ostia, sempre indo por libre, insolidarios ata para fixar o peso dun kilo de café ou medir a distancia entre os vosos fuciños e a vosa insolencia. ¿Que se pode esperar dun país que ata 1752 empezou o aninovo o 27 de marzo?

**IVAN/REINO UNIDO**

Acabas de dicilo. De min que non espere nada. Non penso axudalo.

**MANOLO/FRANCIA**

Pois entón entrará en recesión, terá que convocar eleccións e acabará perdéndoas.

**IVAN/REINO UNIDO**

E eu sentireino moito e enviarei á miña xente a mamarse de tequila á Rivera Maya

**IVAN/REINO UNIDO**

¿Que fas? ¿Por que me empurras?

### 9. **ESCENA DESDOBRADA**

*A escena desdóbrase. Iván e Manolo seguen dando os diálogos desde as escaleiras. Borja e Miguel saen desde o lateral e van facer os xestos e movementos: FRANCIA dálle un puñetazo a REINO UNIDO no nariz. Este cae ao chan e FRANCIA empeza a darlle patadas. REINO UNIDO, desde o chan, saca unha pistola e apunta a FRANCIA e este, levantado, tamén saca a pistola e apúntalle ao outro.*

**IVAN/REINO UNIDO**

¿Tócasme o carallo? Non sabes con quen xogas!

**MANOLOFRANCIA**

¿Vas disparar fillo de puta? ¿É unha pistola inglesa? Seguro que non funciona no continente! ¿Dispara dunha vez cabrón!

**IVAN/REINO UNIDO**

Vai ao carallo! Eu non teño culpa de como están as cousas. Compórtaste como un puto socialdemócrata. Eu son un Tory! ¿Entendes? Un político doutra caste. Meu pai xa manipulaba as finanzas mundiais antes de que ti soubeses deletrear a palabra capitalismo.

**10. ESCENA ALEMAÑA**

*PATRICIA e PEPE interveñen desde as cadeiras laterais polos micros. A escena párase.*

**PEPE/ALEMAÑA**

Deixade de xogar a iso. Aínda vos ides mancar.

**PATRICIA**

A que acaba de entrar é Alemaña.

**MONICA**

Para aqueles que estean seguindo a peli, Sr. Rubio.

**PEPE**

E se queremos poñerlle cara en seguida pensamos en Merkel.

**PATRICIA**

Merkel criouse na República Democrática no seo dunha familia luterana e ela sempre mostrou unhas profundas conviccións relixiosas.

**PEPE**

Así que podemos imaxinala nesta primeira época como unha persoa cristiana rodeada de comunistas.

**PATRICIA**

Fisicamente se cadra non é moi agraciada, pero houbo unha época na que foi guapa.

**TODOS**

Guapa, guapa...

**PATRICIA**

Si, guapa. De cara é guapa, o que pasa que se move así como...

**PEPE**

Como un bocoi.

**BORJA**

Como un bock

**MANOLO**

Como unha xerra de cervexa, máis ben.

**MONICA**

Si, pero unha xerra de cerámica.

**PATRICIA**

É doutorada en física pola Universidade de Leipzig...

**IVAN**

A súa tese titulábase: Influencia da correlación espacial da velocidade de reacción bimolecular de reaccións elementais nos medios densos

**MANOLO**

Eran cousas que se estudaban no leste antes de caer o muro.

**PATRICIA**

Hai un momento crucial na súa vida: cando descubre as orellas. A partir dese momento deixa de ser unha vulgar ministra de Medio Ambiente e Natureza e chegará a ser chanceler.

**PEPE**

E desde ese momento usará sempre esas chaquetas tan coloridas e tan escotadas.

**PATRICIA**

Si, son o reflexo do seu pragmatismo: por unha parte abrigosas, pero por outra abertas para liberar os cambios bruscos de temperatura provocados polos últimos extertores da menopausia.

**ARANTZA**

Os famosos sofocos.

**PATRICIA**

Iso. Ben, imos alá.

**MIGUEL**

Espera, se é Alemaña mellor que entre desde o alto da escaleira ¿non?

*PATRICIA asente e diríxese cara a alí.*

**PATRICIA/ALEMANIA**

Deixade de xogar a iso. Aínda vos ides mancar.

**MÓNICA**

Espera, espera! Dálle un toque así máis sensual. Máis cool, como é Michael Madsen na peli.

*PATRICIA repite.*

**PATRICIA/ALEMANIA**

*(Sensual)* Deixade de xogar a iso. Aínda vos ides mancar.

*Iván e Manolo seguen poñendo a voz aos diálogos e Borja e Miguel fan as accións.*

**MANOLO/FRANCIA**

¡Home! ¡Mira quen chegou! Precisamente estabamos falando de ti. Tócache.



**PATRICIA/ALEMAÑA**

¿Tócame?

**MANOLO/FRANCIA**

Hai moito que discutir. Estabamos falando de que o euro xa non é seguro. Todos corremos perigo. Así que ou marchamos nós do euro e quedas ti, ou marchas ti e quedamos os demais.

**PATRICIA/ALEMAÑA**

Ninguén vai marchar a ningures.

**MANOLO/FRANCIA**

Xa sabía eu que te ías poñer así. Que che dean, eu si que marcho.

**PATRICIA/ALEMAÑA**

Non deas un paso máis.

**MANOLO/FRANCIA**

Vai ao carallo! Todo isto é pola túa culpa.

**PATRICIA/ALEMAÑA**

¿Tes algún problema?

**MANOLO/FRANCIA**

¿Queres que cho diga?

*FRANCIA saca un billete e tírallo aos pés.*

**MANOLO/FRANCIA**

Parece un papeliño de nada, pero ese é o meu problema. Por un lado leva a cara de Europa e polo outro a sinatura dun alemán.

**PATRICIA/ALEMAÑA**

¿De que carallo falas?

**MANOLO/FRANCIA**

Falo do puto euro. De países que están na ruina porque están atados de pés e mans polos bancos. Falo de que estamos nas mans do sector financeiro, joder. Pola túa culpa!

**PATRICIA/ALEMAÑA**

Mira corazón, o prestado hai que devolve-lo. Eses países que ti dis, gastaron máis do que tiñan, viviron á nosa conta e agora teñen que pagar. E quen mellor para controlar o pago que o propio acreedor...

**MANOLO/FRANCIA**

E eu son o seguinte, ¿non? Se chego a saber como eras en realidade non apoiaba as túas propostas na vida.

**PATRICIA/ALEMAÑA**

E mira unha cousa franchute... ¿Vas seguir ladrando todo o día ou vas facer algo?

**MANOLO/MIGUEL/FRANCIA**

Como dis? Perdoa, non o collín, queres repetilo?

**PATRICIA/ALEMAÑA**

Se vas seguir ladrando todo o día, franchute? ¿Ou vas facer algo de verdade?

*MIGUEL/FRANCIA, cabreado, avanza cara ALEMAÑA. O BORJA/REINO UNIDO interpónse.*

**BORJA/REINO UNIDO**

Veña ho! Tranquilos ¿Que ides, empezar unha guerra civil? Aínda vai resultar que o máis europeísta son eu.

**IVAN/REINO UNIDO**

Parecedes un par de putos xudeos. ¿Nunca traballastes con xudeos? Son coma vós: sempre falando de débedas.

**MANOLO/MIGUEL/FRANCIA**

Serás cabrón... Pero se eras ti quen me estaba convencendo para sair do euro!

**PATRICIA/ALEMAÑA**

(A SR. ROSA/REINO UNIDO) ¿É iso certo?

**IVAN/REINO UNIDO**

É certo ¿e que? Iso foi hai uns minutos, pero agora penso doutro xeito.

**BORJA/REINO UNIDO**

Tes que confiar en Alemaña, porque Alemaña ten moito que perder, moito máis ca nós.

**MANOLO/MIGUEL/FRANCIA**

¿Agora estás da súa parte?

**BORJA/REINO UNIDO**

Aquí non hai partes. Os tres somos políticos e estamos sometidos a moitas presións. Xa o dixo Margaret Thatcher: fagamos as cousas xuntos,

**IVAN/REINO UNIDO**

Pero gozando da nosa identidade nacional non menos que da nosa empresa común europea.

**PATRICIA/ALEMAÑA**

¡Que bonito! E esta escaleira, non funciona? Outra subvención europea tirada ao lixo...

*MIGUEL/FRANCIA garda a pistola e parece acalmarse.*

**PATRICIA/ALEMAÑA**

*(Baixando as escaleiras)* Teño algo que ensinarvos, vinde comigo.

**TODOS**

¿A onde?

**PATRICIA/ALEMAÑA**

Ao meu coche. Teño algo que seguro que vos gusta.

**TODOS**

¿O que?

**PATRICIA/ALEMAÑA**

É unha sorpresa

*Saen de escena e sentan nas cadeiras, seguen facendo os diálogos polos micros. Baixa a luz na zona das escaleiras. Entra unha audio de ambiente de rúa, pouco concorrido, pero pódese oír ruído de tráfico lonxano e os pasos dos que supostamente acaban de saír.*

**PATRICIA/ALEMAÑA**

*(Off)* Imos quedar todos no euro, ¿entendido? E non quero volver falar con vós. Chamade a Supermario

**MANOLO/FRANCIA**

*(Off)* ¿A quen?

**PATRICIA/ALEMAÑA**

*(Off)* A Draghi

**IVAN/REINO UNIDO**

*(Off)* ¿A Draghi? ¿O do Banco Central?

**PATRICIA/ALEMAÑA**

*(Off)* Si

**BORJA/REINO UNIDO**

*(Off)* Outro puto banqueiro metido a político.

**PATRICIA/ALEMAÑA**

*(Off)* Precisamente por iso quero falar con el.

**MIGUEL/FRANCIA**

*(Off)* ¿É para que queres que o chamemos?

**PATRICIA/ALEMAÑA**

*(Off)* Para dicirlle que lle teño unha sorpresa. Mirade.

*Óese a risa de todos. Entra audio gravado do ruído dun maletario que se abre.*

**IVAN/REINO UNIDO**

*(Off)* Perdóame por pensar mal de ti *fraulein*

**MANOLO/FRANCIA**

*(Off)* Es a ostia, tia.

**PATRICIA/ALEMAÑA**

*(Off)* Axudádeme a sacalo e mentres eu teño unha charla con el, vós chamades a Draghi.

## 11. ESCENA TORTURA

*Óese o son de marcado dun teléfono e despois dun par de tons alguén descolga. É DRAGHI. Mentres escoitamos a conversa gravada, BORJA e IVAN entran zarandeando a MÓNICA e seguen facéndoo ata que acaba a conversa. Tamén se incorporan Miguel e Manolo e finalmente Pepe e Arantza.*

**DRAGHI**

¡Francia! ¿Que pasou?

**FRANCIA**

¡Mario! Escoita. Armouse unha boa. Merkel acaba de aparecer con Rodrigo Rato...

**DRAGHI**

Vale. ¿E que ten iso de raro?

**FRANCIA**

Home, se cadra a ti pareceche normal, pero veu con el amordazado e metido no maleteiro. Despois pediunos a Reino Unido e a min que te chamásemos para que viñeses o antes posible.

*DRAGHI garda silencio.*

**FRANCIA**

¡Mario! ¿Segues aí? Que vai en serio, joder, que Merkel chegou con Rato no maleteiro, meteuno para dentro a empurróns e agora esta con el a soas.

**DRAGHI**

¿E que vai facer con el?

**FRANCIA**

¡E eu que carallo sei! Non sei o que pasou, non sei de onde veñen nin teño nin puta idea do que vai facer con el. Non sei nada!

**DRAGHI**

Tranquilos, non estou lonxe. En cinco minutos estou aí. Esperade por min e sobre todo non deixedes que Alemaña faga ningunha trasnada.

*Despois de que BORJA, IVAN, MANOLO, ARANTZA e PEPE aten a MONICA, lévana ata onde está PATRICIA e póñena de xeonllos. PEPE senta a carón de Patricia.*

**MÓNICA/RATO**

Non entendo nada ¿Por que o fas? Xa non pertenzo a ningún goberno e hai 5 anos que deixei o FMI. Nin sequera traballo en ningún banco. Agora traballo para Telefónica. ¿Queres un iPhone? Pódoche conseguir un liberado

*ALEMAÑA ri e non di nada.*

**RATO**

Pódoche conseguir os que queiras. Dooos... pero ¿por que eu?

**PATRICIA/ALEMAÑA**

¿E por que non?

**RATO**

¿Xa non che chega con torturar aos gregos?

**PEPE/ALEMAÑA**

¿Torturarte? Esa é unha boa idea. Non se me ocorrira, mira ti.

**RATO**

¿Por que non falas con Draghi? El é quen decide

**PATRICIA/ALEMAÑA**

¿Quen dis que decide?

**RATO**

Draghi

**PATRICIA/ALEMAÑA**

Escoitame ben banqueiro de medio pelo: ninguén lle di a Alemaña a quen ten que axudar, con canto nin de que maneira, ¿estamos?

**RATO**

Si...

**PEPE/ALEMAÑA**

¿Como dis? ¡Fala máis alto que non te oio!

**RATO**

Si!

**PATRICIA/ALEMAÑA**

Así está mellor. Entón a ver se entendiches ¿Quen é o que decide aquí?

**RATO**

Ti...

**PEPE/ALEMAÑA**

¿Como?

**RATO**

Ti!

**PATRICIA/ALEMAÑA**

Moi ben.

*Nese momento PEPE adiántase para atar a MÓNICA á cadeira.*

**RATO**

Esperade tíA... ¿Por que me fas isto joder? ¿QueRes un iPhone, un Ipad, un Ipod un... ¡Ai, ai, ai! Coidado co reloxo ostia! É un rolex auténtico regalo de Bankia! Eh! Eses pantalóns valen máis ca ti... Son de Prada!

*Pepe Tápalle a boca.*



## PEPE/ALEMAÑA

Impórtame un carallo que xa non esteas no FMI, voute torturar de todos os xeitos. E non busques explicacións: é que me resulta divertido torturar a un banqueiro fracasado coma ti.

*PEPE levántase e vai para un lado, onde están as cadeiras, para a parte de atrás. Cando chega vai entrando a música do Hino á Alegría.*

## PEPE/ALEMAÑA

*(Fala desde o micro mentres se vai colocando o delantal e as luvas de soldador) Creo que en España aínda mantedes a tradición da matanza. Así o porco sofre moito ¿non? Pobres animais. Nós xa os sacrificamos todos en matadoiros. Por certo ¿a ti gústache a música? ¿Coñécela? É a miña composición preferida. No meu país é o último que escoitan os porcos antes de seren electrocutados. Poñémoslles esta música nos matadoiros para que non se estresen.*

*PATRICIA/ALEMAÑA canta desde a cadeira un fragmento da peza. PEPE colle un ferro co símbolo do euro que lle dá Miguel. Toca a Mónica como comprobando en que lugar é mellor que lle marque o ferro, e dá unha volta arredor dela. Despois vai atrás e colle o soplete que lle volve dar Miguel. PATRICIA remata de cantar, pero a música segue. Acende o soplete e, cando o ferro está ao roxo entran os coros da música, colócase diante de RATO, ábrelle a camisa e vai achegando o ferro á súa pel ata marcar o símbolo do euro. Cheira a carne queimada.*

## 12. ESCENA CASINO

*Pepe vai atrás, entrega o ferro a Miguel e espera que lle dea a pistola. Miguel non lla dá e empeza a falar polo micro.*

## MIGUEL

Agora Merkel vaille pegar un tiro a Rato, Merkel está tan confiada e desatada que pode pegarlle un tiro a calquera, síntese moi segura porque ten detrás a todos os líderes

europesos e á Troika, que son os cobradores do frac financeiro. Son coma nenos xogando coas nosas vidas. Pero que pasaría se fosemos nós quen xogásemos coas súas vidas?

*Mentres empeza a dicir isto, colle o micro vaille quitar a mordaza a Mónica, pregúntalle se está ben e acaba pedindo axuda para desatala. Borja sae para axudar a ceibar a Mónica e empeza a incorporarse ao diálogo.*

**MIGUEL**

Imos cambiar o xogo entón, imos xogar nós con eles, este é o sitio perfecto para poñernos a xogar, estamos nunha especie de casino que nunca funcionou, podemos inventar unha nova maneira de xogar... Gracias Mónica.

*Mónica leva a cadeira e senta ao lado... Miguel convida a Borja a participar neste novo xogo.*

**MIGUEL**

Ben, o primeiro é poñerlle un nome a este sitio.

**BORJA**

Que tal Eurovegas?

**MIGUEL**

Ese xa está inventado, é o de Espe.

**ARANTZA**

*(Desde o lateral)* Eurocasino

**MIGUEL**

Non sei, non me convence.

**MANOLO**

*(Desde o lateral)* O casino da Troika.

## **MIGUEL**

Iso está mellor: este é o Troikasino

*ENTRA VÍDEO TROIKASINO. Miguel (1) e Borja (2) vanse para as escaleiras. Cando remata o vídeo descendén polas escaleiras como animadores.*

1.

Boas noites Señoras e Señores. Eu son travis Trébol.

2.

E eu Fabio Picas.

## **OS DOUS**

Benvidos ao Troikasino,

1.

Un lugar onde o azar fará que un de vos teña a oportunidade de disparar sobre un dos líderes europeos. E ¿quen sabe?, quizais matalo.

2.

Este é o único lugar do mundo onde se pode cometer un magnicidio sen que teña consecuencias.

1.

Todas as leis foron modificadas non só para poder fumar senón tamén para poder asasinar legalmente.

2.

Neste casino non hai cartos.

1.

Non hai fichas.

2.

Non hai barallas.

1.

A moeda de cambio é a raiba

2.

A ira

1.

A indignación.

2.

Un de vos poderá dar saída a todo o odio acumulado.

1.

E atentos: teñen preferencia aqueles que teñan preferentes.

*[Diríxense directamente ao público, facendo un repaso de todas esas razóns para estar indignado: aforros perdidos en preferentes, hipotecas que non se poden pagar, e que fan que perdas a casa e que teñas unha débeda para sempre, bancos rescatados con diñeiro público...]*

2.

Cantos haberá que meteron os seus aforros nun banco e agora non os poden sacar.

1.

E se non é el directamente será un tío, un cuñado, un irmán. Afectados hai moitos.

2.

Xente que non pode seguir pagando a hipoteca e que vai perder a súa casa aínda que siga tendo que pagala.

1.

Por suposto, sen entrar nos afectados polos recortes na sanidade pública, no ensino, na cultura...

2.

Razóns para estar cabreado non faltan.

1.

Pois ese é o combustible que fai falta para xogar neste casino.

2.

Aquí imos xogar cunha máquina, cunha máquina tragaperras.

1.

Nós chamámoslle a Tragaperrastroika.

*VÍDEO: verase o vídeo da tragaperras coa imaxe dos tres homes de negro.*

2.

Gañará o premio que lle permitirá disparar a un lider europeo quen consiga aliñar as figuras dos tres homes de negro que representan a troika, conseguindo así o noso TROIK POT, tal e como as vemos agora na pantalla.

1.

Ben, pois agora o que tendes que facer para poñer en marcha a tragaperrastroika é berrar o voso enfado, expresar a vosa indignación...

2.

Nunha palabra, podedes insultar a Merkel, á troika ou a calquera dos seus membros.

1.

Fagamos unha proba, quen se anima? Por exemplo, vostede, que diría? E vostede? ... un pouco suave, non? E a vostede que lle pide? E algo máis elaborado? Algo que vaia máis

alá do insulto... *Fan unha proba animando ao público a participar, ata escoller a unha persoa.*

1.

Ben, pois xa estamos preparados para xogar. Adiante.

*O público berra. Entra vídeo: as rodas xiran á primeira, e van parando lentamente, a primeira é un home de negro, a segunda é outro home de negro, e a terceira..., outro home de negro.*

**OS DOUS**

¡TROIK POT!

1.

Noraboa!

2.

Acaba de gañar o premio de hoxe, xa pode baixar!

*A persoa do público baixa ata o escenario.*

1.

Ti es o privilexiado que poderá disparar sobre un líder europeo para ceibar toda esa carraxe

2.

Como te chamas? Estás preparado para disparar?

1.

Ben, pois hoxe vas poder disparar sobre Angela Merkel, que se o lembramos estaba torturando a Rato. *(Pepe e Patricia saúdan desde as cadeiras)*. Se fai o favor, que se adiante Angela Merkel.

*Pepe e Patricia quedan nas cadeiras discutindo porque ningún dos dous quere ser quen saia.*

2.

Mentres se poñen dacordo haberá que equiparse con todo o necesario.

*Sae Iván con cascos antiruidos e balas.*

1.

Material de primeira calidade e que por suposto cumpre con todas as esixencias da normativa europea. Mesmo a de estar fabricado en China.

2.

Cascos e balas homologadas pola Unión Europea e pistola con licenza en regra a nome do propio Rei de España.

1.

Tamén necesitamos a Merkel, así que pase por favor.

*Levántase Patricia. Miguel indícalle que suba pola escaleira. Cando pasa polo detector de metais soa, Miguel rexistrea e quitalle unha pistola. Merkel sube ao alto da escaleira. Voluntario dispara. Merkel morre baixando pola escaleira ata os pes do concursante. Preguntan e despíden ao xogador. E a Patricia tamén. Despois os dous Speakers retoman a escena anterior onde se deixara antes.*

1.

Moi ben, non era tan difícil que a cidadanía acabase coa tiranía. Que marabilla de casino, non?

2.

Con catro ou cinco casinos coma este repartidos por Europa acabamos con todos os problemas nun plis plas.

1.

Falando de problemas, quen tiña un e ben gordo hai un pouco era Rato... que estaba aquí sendo torturado por Merkel...

2.

Agora que xa temos a Merkel morta e fóra de xogo, retomamos a escena onde a deixáramos antes. Por favor Rato, De Guindos... Se sodes tan amables...

*Mónica e Arantza achéganse e póñense na posición anterior.*

1.

Lembremos: Rato está recén torturado por Alemaña e De Guindos desangrándose desde o principio. Un retrato fiel deste país!

2.

E estamos esperando a chegada de Mario Draghi, que non conta con atopar a Alemaña morta. Mentres agardamos, vexamos que pasa con estes dous fenómenos da política actual.

*Retómase a escena*

### 13. ESCENA RATO-DE GUINDOS

*Retómase a escena. Miguel e Borja achegan os micros a Arantza e Mónica para que falen. Son eles os que os sosteñen todo o tempo. Elas falan arrastrando moito as palabras e moi despacio. Miguel e Borja van introducindo comentarios.*

**RATO**

(Chora)

**MIGUEL**

Atención, parece que Rato non morreu.



**DE GUINDOS**

Rodrigo... Rodrigo, non chores...

**BORJA**

Por aquí De Guindos seique lle quere dicir algo a Rato, porque acaba de dicir o seu nome...

**RATO**

¡Vai á merda!

**DE GUINDOS**

¿Como estás?

**RATO**

¿A ti que che parece?

**DE GUINDOS**

Paréceme que estás mellor ca min.

**DE GUINDOS**

Aguanta... Tés que aguantar... Faino por min... Por España Rodrigo!

**RATO**

A España que lle dean! Que se afunda dunha puta vez!

**MIGUEL**

Rato está un pucio resentido con España, non sabemos por qué.

Arantza baixa da escaleira e vaise ir achegando a Mónica moi lentamente.

**BORJA**

Atención, a De Guindos non lle pareceu nada ben os insultos contra españa de Rato e malia estar co estómago reventado, levántase e vai a por el...

## **DE GUINDOS**

Non se vai afundir! Mírame! No último trimestre houbo indicadores positivos... Empezamos a crecer Rodrigo!

## **RATO**

Crece? E a min que carallo me importa! Esa filla de puta marcoume para sempre, non vou poder nin tomar o sol sen que todo cristo se escaralle de risa.

## **DE GUINDOS**

Pois ¿sabes o que che digo? ¡Fódete! ¿Oíchesme? Estoume desangrando e non me queixo. Eu si que estou mal: teño o déficit descontrolado e as cifras do paro sáenme ata polas orellas.

## **RATO**

O meu si que é para botarse a chorar. Estou como dios no FMI e pínzanme; atopo o choio da vida en Bankia e lévanme a xuízo; acepto a merda que me ofrecen en Telefónica para fuxir do sector e vén esta filla de puta e márcame por banqueiro... ¡mecagondiós!

## **MIGUEL**

Aínda imos ter que sentir pena por él.

## **DE GUINDOS**

Escoitame Rodrigo. Eu podía estar de asesor en calquera multinacional e aceptei ser ministro de economía. Vou manter a política de austeridade. O importante é controlar o déficit como di o FMI.

## **RATO**

¿Queres que che diga algo do FMI? O informe sobre España é o mesmo que o de Ecuador do ano 79, o de Zambia do 83, de Thailandia do 90, Arxentina do 2000... ¿queres que siga? É o mesmo documento pero cos nomes cambiados.

## DE GUINDOS

Estás obcecado Rodrigo... Eu só quero facer as cousas ben, seguir todas as recomendacións dos organismos económicos internacionais e irme asegurando un bo choio cando marche do ministerio. Pero aínda non podo! Antes tense que estabilizar o euro, teño que solucionar o da débeda e os recortes teñen que dar froito...

## RATO

Ti es máis parvo aínda do que parece. Para empezar, o euro será estable mentres siga sendo un choio para os bancos alemáns e franceses; a débeda non vai haber dios que a pague; e os recortes seguirán afogando o crecemento.

*ARANTZA chegou ata a cadeira de Mónica e trata de impedir que Rato siga falando. Ao final trata de baixarlle a cabeza, pero Rato resístese, manteñen unha pequena loita mentres escoitamos os seus laios.*

## MIGUEL

(Apartando os micros delas). Agora non sei moi ben que están dicindo, debe ser un argot técnico, como un barallete económico.

## BORJA

Si, un mantra político de difícil comprensión para o resto da cidadanía...

## MIGUEL

É unha pena, porque Rato estaba dicíndolle catro verdades ao *julai* de De Guindos...

## BORJA

Pero coa resistencia que está demostrando, De Guindos pode chegar á presidencia do FMI e moito máis.

*Arantza agarra a garabata de Mónica e vaina esganar ata morrer.*

## MIGUEL

Ostia, ostia, atención, creo que a De Guindos se lle foi a man, a caba de matar a Rato.

**BORJA**

É mellor que marchemos de aquí antes de que chegue Draghi, non nos vaia colgar a nós tamén este marrón.

*Miguel e Borja marchan. Arantza arrástrase ata o medio das dúas escaleiras e recita todas seguidas as súas frase da seguinte escena, como se preparase a súa coartada.*

**ESPAÑA/ARANTZA**

Alemaña toleou. Marcoulle a Rato o símbolo do euro cun ferro ao roxo vivo. Atouno, humillouno e marcouno. Non. Atouno, marcouno e afogouno. Matou a Rato. Non. Primeiro matou a Rato e logo ía por min. Atouno, marcouno e afogouno. Matou a Rato e logo ía por min. Entón unha persoa do público levantouse e pegoulle un tiro. Xuro que é completamente certo.

#### 14. ESCENA LOOP

*Cando Arantza remata entran Patricia e Iván, que dan os diálogos de FMI e BCE deixando pausas en silencio cando lle toca falar a Francia e Reino Unido.*

**FMI**

Que carallo pasou?

**ESPAÑA**

Alemaña toleou. Marcoulle a Rato o símbolo do euro cun ferro ao roxo vivo.

**BCE**

Que? Creo que non oín ben!

**ESPAÑA**

Atouno, marcouno e afogouno.

**BCE**

¿A este puto ladrón?

**ESPAÑA**

Primeiro matou a Rato e despois ía por min. Entón unha persoa do público levantouse e pegoulle un tiro.

**BCE**

A ver, vouno dicir en voz en alta, porque quero telo claro. Dis que Alemaña te ía matar e entón unha persoa do público saíu na túa defensa e acabou con ela, é iso o que dixeches?

**ESPAÑA**

Xuro que é completamente certo.

**FMI**

A muller que acabades de matar é a presidenta de Alemaña e alí está a sede do Banco Central Europeo, que é o brazo dereito do FMI ¿Estasme dicindo que unha muller que renuncia á súa vida profesional e familiar, agora que chega a primeira ministra gracias ao apoio dos sectores financeiros, secuestrou a un ex-director do FMI para torturalo ata matalo?

**FRANCIA**

De que carallo estades falando?

**BCE**

Este español de merda é un mentirán.

**REINO UNIDO**

Non teño nin puta idea de que queres dicir, pero alguén lle marcou a ferro un euro na barriga.

**SR. BLANCO**

Coñezo a este tipo e nunca se poría da parte dos cidadáns... De verdade ostia! Se é el quen está aplicando os recortes máis duros!

**FMI**

Este tipo acaba de pedir un rescate para a banca do seu país aproveitándose de todos nós e como non vai poder pagalo quere acabar con todo, é un puto nihilista...

*Neste punto, entran MANOLO e BORJA que empezan a facer desde o principio a mesma secuencia de movementos e os mesmos diálogos que acaban de facer IVÁN e PATRICIA, que seguen co seu ata o final. Cando MANOLO e BORJA chegan a este mesmo punto, entran MIGUEL e PEPE para dar os diálogos de Francia e Reino Unido. IVÁN e PATRICIA volven iniciar a secuencia. Cando acaban a súa, MANOLO e BORJA volven facer a súa por segunda vez. E IVÁN e PATRICIA inician unha terceira. Ao final acaban todos xuntos dando os últimos diálogos.*

**SR. BLANCO**

Cómo sabes todo iso? Como podes estar seguro de todo iso?

**FMI**

Despois de Grecia e Portugal era do que menos me fiaba. Foi unha loucura aceptar os seus avais

**SR. BLANCO**

Esa é a túa proba?

**BCE**

Cando o FMI acusa, non fan falta probas

*FMI saca o seu revólver e apunta a ESPAÑA. FRANCIA saca o seu 45 e apunta a FMI. BCE saca o seu revólver e apunta a FRANCIA. Entra de fondo o audio en inglés escena final de Reservoir Dogs, que se vai superpoñendo ao diálogo dos actores en escena.*

**BCE**

Estás tolo?

**FRANCIA**

Christine, vas cometer un erro. Non podo consentilo.

**REINOUNIDO**

Vamos tíos! Isto é o que nos faltaba! Sponse que somos demócratas. Non imos andar a tiros agora, despois de todo o que fixemos xuntos...

**FMI**

Coidado Nicolás. Ti tamén recibiches a túa parte, isto non é necesario. Imos baixar as armas e arranxar todo como políticos profesionais....

**SR. BLANCO**

Christine, se matas a España mátote.

**BCE**

Eh Francia, fomos amigos e sempre respetaches a orde económica mundial e nós sempre respetamos a Francia, pero se non baixas esa pistola, fúrote...

**SR. BLANCO**

Maldita sexa. Non me fagas isto.

**BCE**

Deixa xa de apuntar a Christine, ela é o FMI!

*O audio da peli segue escoitándose só durante uns segundos máis ata que soan os disparos. Despois imos a escuro.*